



Xunta de Galicia

Presidencia

Alfonso Rueda Valenzuela

Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades

Román Rodríguez González

Secretaría Xeral Técnica

Manuel Vila López

Vicesecretaría Xeral

Elena Barca Ramos

Museo Pedagógico de Galicia

Beatriz Seco González

Universidade de Santiago de Compostela

Reitor

Antonio López Díaz

Grupo Investigación Pedagogía Social e Educación Ambiental

José Antonio Caride

Universidade de Castilla la Mancha

Reitor

José Julián Garde López-Brea

Centro de Estudios Promoción de la lectura e Literatura Infantil

Grupo de Investigación en Psicología, Educación y Lectura.

Santiago Yubero Jiménez

Exposición

Comisariado

Rita Gradaille Pernas

Antón Costa Rico

Coordinación Exposición

José Antonio Caride Gómez

Antonio Cepeda Fandiño

Elisa Larrañaga Rubio

Aida Lorenzo Campos

Montse Pena Presas

Xabier Riádigos Couso

Laura Rodríguez Castelos

Xesús Rodríguez Rodríguez

Pilar Sampedro Martínez

Sandra Sánchez García

Beatriz Seco González

Santiago Yubero Jiménez

Entidades colaboradoras

Biblioteca Afundación de Santiago

Biblioteca USC

Biblioteca das Facultades de Psicoloxía e CC.

Educación USC

Centro Documentación e estudos Feministas de Vigo.

Concello de Vigo

Centro de documentación en igualdade e


feminismos. Concello da Cultura Galega

Instituto de CC. da Educación USC

Real Academia Galega

EDUCACIÓN, XÉNERO E LECTURA

Conformar, Reformar, Transformar



A exposición EDUCACIÓN, XÉNERO E LECTURA pretende introducir ás e aos visitantes nun escenario de discriminacións e de estereotipos, pero tamén de dinámicas, de procesos de loita e de conquistas transformadoras, a través dun itinerario visual que recorre un conxunto de 16 mesas expositoras con libros e recursos escolares, obxectos significativos, fotografías históricas, cartelística e imaxes, información escrita e... unha invitación á esperanza construtiva.

Os valores da educación e a lectura en clave de xénero

José Antonio Caride – Santiago Yubero

A educación e a lectura teñen adquirido significados -simbólicos e materiais- impensables ata fai poucas décadas, abrindo o pensamento e o coñecemento a unha variada gama de oportunidades pedagóxicas, culturais, vivenciais... nas que á perspectiva de xénero goza dunha especial relevancia.

Sen que poidan obviarse os contextos nos que, historicamente, emerxeron e se proxectaron as teorías e prácticas educativas, nin o estimable potencial formativo dos dispositivos que van da creatividade nas palabras ou na ilustración gráfica á súa edición nos textos literarios ou escolares, debe salientarse o importante protagonismo de quen, individual ou colectivamente, ten comprometido o seu quefacer cívico con iniciativas orientadas a mudar as realidades herdadas; e, con elas, a construír valores, actitudes, comportamentos, reivindicacións, etc. que alentan un futuro máis democrático, xusto, pacífico, sostible, equitativo, inclusivo...

Na súa procura todas as educacións están chamadas a contribuír decisivamente: dende a infancia ata a vellez, nas escolas e nas familias, nas comunidades rurais e nas cidades, nas aulas universitarias e nas redes dixitais... en congruencia cos principios éticos, cos dereitos e deberes que nos dignifican como seres humanos, sen distinción.

A exposición, facendo que converxan a memoria e a historia en nome da **educación**, o **xénero** e a **lectura**, pon a énfase no rol asignado ás mulleres en boa parte da literatura infantil-xuvenil e dos libros de texto escolares, distinguindo con nitidez entre a formación que *conforma* ou *reforma*, perpetuando as discriminacións e os estereotipos, e a que *transforma* con ensinanzas e aprendizaxes plenamente respectuosos coa vida en toda a súa diversidade.

Revisando pasados na procura de mellores futuros

Rita Gradaílle – Antón Costa

A procura da dignidade e da igualdade entre as persoas está hoxe moi presente nas nosas sociedades, pero non sempre foi así. Son numerosas as marcas que **no pasado** lexitimaban as desigualdades. Foron tradicionalmente palpables as diferenzas entre homes e mulleres e referímonos a aquelas que afectan negativamente á súa igualdade como seres humanos, ao 'asignarlle' a elas un rol social secundario e, con frecuencia, de dependencia do ámbito masculino, coas marcas e rastros de violencia que tal asignación veu comportando. Con numerosas concrecións na sociedade galega.

Esta visión, contra da que **no presente** se loita, tivo unha longa e pesada repercusión negativa na alfabetización, na escolarización e na educación das mulleres; que foi instrumentada a través de diversos medios, **conformando** visións estereotipadas e de exclusión. Contra ela rebeláronse paulatinamente un crecente número delas, que abriron as portas a **reformular** prácticas educativas, ata incidir nunha **transformación** social máis ampla, de consciencias, de actitudes e de comportamentos.

Uns e outros aspectos poden ser sentidos e entrevistados na presente Exposición. Houbo e hai unha presenza, en particular, de mulleres galegas que se rebelaron nas rúas, nas aulas, a través da literatura infantil e xuvenil, mediante a creación de materiais e recursos didácticos alternativos e asumindo protagonismos **cívicos na construción social, como igualmente se poderá percibir nela.**

Todos e todas temos camiños por andar, sen se deter. Alertar e extremar a conciencia educativa e formativa sobre esta cuestión é a pretensión global da presente Exposición, así como das actividades que a complementarán.


Conformar (1857- 1974)

Tradicionalmente o lugar das mulleres debía ser o fogar familiar, deixando outros protagonismos aos varóns. O sistema educativo contribuía a conformar esta visión.



Reformular (1975 - 1989)

As distintas Declaracións de Dereitos, o Ano Internacional da Muller e os cambios sociolóxicos propiciaron o inicio de reformas, entre as que a educación foi parte activa



Transformar (1990 - 2020)

Nos pasados anos noventa, a nova ordenación legislativa da educación e outras dinámicas socioculturais produciron transformacións a prol da coeducación, da equidade e das inclusións, que aínda precisan maior implicación da cidadanía.

